

as 17 meLLOres paLABRAS en gaLEgo

TEXTOS PARTICIPANTES

Érguete axiña, e bótate a correr, a vida é unha carreira na que non te podes deter.

Caimán

Quero ser valorada,
admirada.
Non quero ser esquecida,
marxinada.
Son a túa lingua.
Emprégame sen medo.
Fala!

E.u.

Fungos vermellos erguidos do chan. Sinxelos, lembran o pracer de vivir á sombra, ó límite do esquecemento.

Pico de galo

Baixan axóuxeres pola beirarrúa coma se de vagalumes se trataran, bolboretas despregando as ás, cheos de son.

Pico de galo

Presentouse no maxín de súpeto coma a mellor das ideas, a máis clara de todas, a nada.

Pico de galo

Naceu na aldea falando galego, e morreu falando castelán, pero era tan pobre que só tiña diñeiro.

Tucho

CAMBIO DE PERSPECTIVA

ESQUIMÓ

Significa comedor de carne humana.

Eles, a si mesmos, fanse chamar

INNUIITS:

Persoas.

Melisa Vargas

DAZASETE PALABRAS ESCRIBO

CANDO É ALGO TAN RICO

NON SE PRECISAN MÁIS PARA DECILO:

VIVA O GALEGO.

Andore

GALICIA EN GALEGO

FALADO, ESCRITO, CANTADO

PALABRAS UNIDO TERRA E CEO

VERBAS EMERXENTES COMA UN SER ALADO.

Medem

DÍA A DÍA
DAS SABIDURÍA
LETRAS ESCRITAS NUNHA LINGUA MOI VIVA
GALEGAS ATA O FIN DOS DÍAS.

Respect

FUXIDA IMPOSIBLE

QUÉROTE. ERES MIÑA!- berrábame. Espertei asustada. Fixen a maleta. Fuxín. Vida nova? O medo ía na equipaxe.

Dodo

Nun intre! Só nunha mirada soubérono! Non eran quen de resistir isa semente que devecía por saír.

Covade

Tremo coas lembranzas dos teus beizos ó longo do meu corpo, co pracer dos teus chuchos, por que?

Sheila

Linguaxe feita de

Paixóns, emocións,
Mimos, agarimos,
Bicos,
Desexo, sexo,
Tolemias, inquedanzas
Bágoas

que perocorre o mundo?

Raíña

Inda acompañado síntome so.

Acouga o lume externo,

Escoita o interno,

Síntete, desenvólvetete, brila por ti mesmo.

Orixas

Usan verbas, a linguaxe para nos confundir.

Escoita e deixa fluir o teu eu.

Faite consciente, libérate!

Ebe

Chouriza

apoteigma

luminaria, fusco

verbigracia

[malvís

gorentar escarlatas

matriz pacífica,

alma gutural

epígrafe: bandeira

regalicia

desmembrar, desbotar

Cabaleiro

Entre as quedas árbores,

Bolboretas de néboa

Chega ruxindo o vento bravío

Xigante invisible bébedo de choiva

Camiñante sen rumbo

Cerrou o libro e pechou os ollos. Silencio. A súa imaxe reflectía de novo. Volvían estar xuntos.

Monterroso

Ben o sabes, meu ben,

Nin por maior gloria

ousaría eu alterar o cosmos

rompendo dezasete silenzos.

Brandán Fiz Kennebec

A escritora colleu o dicionario
buscando palabras perfectas.

Dezasete palabras colleron a vida
buscando a escritora perfecta.

Kaukisella

Nas brétemas da noite
Esquecido luar de Abraxas,
Escóitanse aínda
Enxebres aturuxos castrexos
Xurdidos do vello buxo.

Vagalume